



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO COMO TÉCNICO DE MUSEOS E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

EXPEDIENTE: 2024/G003/001172

ANTECEDENTES:

Este Concello de Ponteceso realizou o proceso de selección para prover, mediante o procedemento de concurso-oposición, un posto de traballo de persoal funcionario/a interino/a de técnico/a de Museos, Grupo A, Subgrupo A2, para a execución do programa de carácter temporal "Dinamización dos museos do Concello de Ponteceso", ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e formación dunha bolsa de emprego para substitucións ou vacantes de postos de técnico/a de Museos do Concello de Ponteceso.

Pola resolución de Alcaldía núm. 390/2024, do 8 de maio de 2024, aprobouse a convocatoria e as bases que rexeron este procedemento selectivo, sendo publicadas no BOP núm. 93 do 14 de maio de 2024, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, concedéndose ás persoas interesadas un prazo de vinte días hábiles para a presentación de solicitudes, de conformidade coa base quinta.

Pola resolución de Alcaldía núm. 717/2024 do 29-08-2024, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, outorgándose un prazo de 3 días hábiles para a formulación de reclamacións e emenda das solicitudes excluídas.

Mediante a resolución de Alcaldía núm. 769/2024 do 30-09-2024 aprobouse a listaxe definitiva, nomeouse aos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo e fíxose a data de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal, na reunión celebrada o día 7 de novembro de 2024, acordou elevar á Alcaldía a proposta seguinte:

"Primeiro: Desestimar a alegación presentada por Paula Cabaleiro Comesaña dado que non é posible acreditar pola interesada segundo a vida laboral, un réxime de xornada ou porcentaxe de adicación ao desempeño do posto de traballo, ao se tratar ou ben de voluntariado ou ben dun traballo en réxime de autónoma, non dependenete laboral ou estatutariamente do empregador.

*Segundo: Elevar a **proposta definitiva** de formación da bolsa de emprego de técnicos/as de Museos, funcionarios/as interinos/as, Grupo A, Subgrupo A2, ordenados de xeito decrecente segundo a puntuación obtida:*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proposta) 30 pts.	FASE CONCURSO 40 pts.	CUALIFICACIÓN FINAL 100 pts
1	BRANDARIZ LOPEZ, ADRIAN	***0052*	15,75 puntos	19	25	59,75
2	CABALEIRO COMESAÑA, PAULA	***1119*	15,75 puntos	15	20	50,75
3	EIROA POSE, ANGEL	***2205*	19,5 puntos	15	15	49,5

Terceiro: Propoñer como aspirante que superou o proceso selectivo a Adrián Brandariz López, que deberá aportar a documentación que figura nas bases que rexeron o proceso.

Cuarto: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal/sxc/es/informacion/>), páxina web e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento”

Requirida aos aspirantes que forman parte da bolsa a documentación esixida nas bases, presentan en prazo os seguintes:

- Adrián Brandariz López, aspirante aprobado, presenta a documentación esixida, entre a que se encontra o informe médico, o 18-11-2024 (R.E. núm. 202400000002093)
- Paula Cabaleiro Comesaña, presenta a documentación esixida o 20-11-2024 (R.E. núm. 202400000002102)
- O aspirante Angel Eiroa Pose non presenta a documentación, polo que de acordo co establecido na base 9.4 queda excluído do proceso selectivo.

Sométese o expediente á fiscalización previa da Intervención, emitindo informe na data de 18-12-2024

Por todo o anterior, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria e as atribucións que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear ao candidato proposto polo tribunal, D. ADRIAN BRANDARIZ LOPEZ, con DNI ***0052** como funcionario interino, na categoría de técnico de grao medio, para o posto de TÉCNICO DE MUSEOS, SUBGRUPO A2, para o desenvolvemento do programa “Dinamización dos museos do Concello de Ponteceso”, consonte ao establecido no artigo 10.1.c do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e o art. 23.c da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Segundo: Outorgarlle ao interesado para a toma de posesión, un prazo de tres (3) días hábiles, se non implica cambio de residencia, ou de sete (7) días hábiles se o comporta, a contar desde o seguinte á notificación da presente resolución.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

No caso de que non tome posesión no prazo sinalado sen causa xustificada, decaerá en todos os seus dereitos a ocupar a praza.

Terceiro: Excluir do proceso selectivo ao aspirante Angel Eiroa Pose por non presentar a documentación requirida e esixida nas bases, de acordo co establecido na base 9.4.

Cuarto: Aprobar a creación da bolsa de emprego de técnicos/as de Museos, funcionarios/as interinos/as, Grupo A, Subgrupo A2, de conformidade coa proposta do tribunal de data 07-11-2024, para substitucións ou vacantes de postos de técnico/a de Museos do Concello de Ponteceso, estando composta polos seguintes aspirantes aprobados, ordenados de xeito decrecente, segundo as puntuacións obtidas no proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FINAL
1	BRANDARIZ LOPEZ, ADRIAN	***0052**	59,75
1	CABALEIRO COMESAÑA, PAULA	***1119**	50,75

De acordo ao establecido na base 10.10, esta bolsa de emprego terá unha vixencia de tres anos contados dende a súa aprobación, podéndose prorrogar por outro máis.

Quinto: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>), así como na páxina web municipal.

Sexto: Dar conta ao Pleno desta resolución na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria

Asdo.: José Manuel Mato Martínez

Asdo.: Antía Pena Dorado